

ESTADÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2025 (1º semestre) OPERACIÓN ESTADÍSTICA Nº 2508-01-OE06

1.- PRESENTACIÓN.

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025, aprobado polo Decreto 201/2024, do 27 de decembro, establece como unha das operacións estatísticas a realizar, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2025.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

2.1.- Normativa da ONU.

- 2.1.1- Declaración universal dos dereitos humanos (1948).
- 2.1.2- Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979).
- 2.1.3- Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller (1993).
- 2.1.4- Declaración de Beijing (1995).
- 2.1.5- Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU.

2.2.- Normativa europea.

- 2.2.1- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul).
- 2.2.2- Convenio do Consello de Europa, do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia).
- 2.2.3- Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúe a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.
- 2.2.4- Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.
- 2.2.5- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- 2.2.6- Regulamento (UE) n.º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.
- 2.2.7- Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres.

2.2.8- Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).

2.2.9- Directiva (UE) 2024/1385 do Parlamento Europeo e do Consello de 14 de maio de 2024 sobre a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica.

2.3.- Normativa estatal.

2.3.1- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. (BOE 313, do 29-12-2004.).

2.3.2- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2.3.3- Lei orgánica 10/2022 do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

2.3.4- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.

2.3.5- Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

2.3.6- Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2.3.7- Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.

2.3.8- Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

2.4.- Normativa autonómica.

2.4.1- Estatuto de autonomía para Galicia.

2.4.2.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2.4.3.- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

2.4.4.- Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

2.4.5.- Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SI434A).

2.4.6.- Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SI434B).

2.4.7.- Resolución do 1 de xullo de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F).

2.5.- Organización.

2.5.1.- Normas competenciais:

2.5.1.1.- Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

2.5.1.2.- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 16/2025, do 10 de marzo.

2.5.1.3.- Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, modificado polo Decreto 2/2025, do 20 de xaneiro.

3.- UNIDADES ESTADÍSTICAS.

3.1.- PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DIRECTAS.

3.1.1.- Axuda de pagamento único.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2025 réxese pola Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SI434B). (DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 2025).

Os requisitos esixidos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.1 da antedita orde e son os seguintes: ser muller vítima de violencia de xénero; estar empadroada e residir na Comunidade autónoma de Galicia; no caso de mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo; non convivir co agresor; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego e carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Esta axuda é compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, coas pensións de invalidez e de xubilación da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero. Cando se trate dun caso de violencia sexual cometido por quen sexa ou fose o seu cónxuxe o por quen estea ou estivese ligado á vítima por similares relacións de afectividade, aínda sen convivencia, a vítima deberá optar entre esta axuda e a axuda prevista no Real decreto 664/2024, do 9 de xullo.

Segundo se establece no artigo 8.1 da citada Orde do 3 de xaneiro de 2025, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, cando estea en vigor; sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia; informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección ou mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración pública competente. No caso de vítimas menores de idade, a acreditación poderá realizarse, ademais, por documentos sanitarios oficiais de comunicación á Fiscalía ou ao órgano xudicial.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

Tipoloxía	Importe do subsidio de desemprego
- Con carácter xeral.	6 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima.	12 meses
- Discapacidade da vítima $\geq 33\%$	12 meses
- 2 ou mais familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.	18 meses
- 1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente $\geq 33\%$	18 meses
- 2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade $\geq 33\%$ da vítima ou da persoa dependente.	24 meses
- Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 65\%$	24 meses
- Vítima e familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 33\%$	24 meses

3.1.2.- Prestación periódica.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2025, réxese pola Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SI434A) (DOG nº 12, do 20 de xaneiro de 2025).

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda establécense no artigo 5 da antedita Orde do 3 de xaneiro de 2025: ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero (tamén teñen a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa, con resultado de morte); estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia; no caso de mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter residencia legal en España; ter cesado a convivencia co agresor ou a vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que o documento acreditativo da situación de violencia de xénero fora adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación de solicitudes (estes intervalos non serán de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa con resultado de morte), carecer de recursos económicos e/ou dispoñer dunha rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional da pagas extraordinarias. Ademais será necesario non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pago único establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

A situación de violencia de xénero derivada de convivencia acreditarase, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras recollidas na antedita Orde do 3 de xaneiro de 2025, con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a letrado/a da Administración de Xustiza da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou vítima de explotación sexual; informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia de ditos indicios; informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de violencia de xénero, trata



con fins de explotación sexual ou explotación sexual; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local de Galicia no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero, de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual e a data na que se produce o cese da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación ou informe dos servizos de acollida no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero, de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual e a data na que se produce o cese da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. As contías son:

Ingresos	Contía axuda por mes
Ingresos $\leq$ IPREM vixente. Carácter xeral.	600 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq$ 33%	650 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	700 €
Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	800 €
Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	800 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM. Carácter xeral.	300 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq$ 33%	350 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	400 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	500 €
Ingresos $>$ IPREM e $\leq$ 1,5 veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	500 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM . Carácter xeral.	200 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq$ 33%	250 €
Ingresos $>$ 1,5 veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq$ 33%	300 €



Ingresos	Contía axuda por mes
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.	300 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33%	400 €
Ingresos > 1,5 veces IPREM e ≤ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65% ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.	400 €

A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas.

3.1.3.- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Expedientes de concesión da axuda establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No ano 2025 réxese pola Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SI434B) (DOG nº 14 do 22 de xaneiro de 2025).

Esta liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.2 da citada Orde do 3 de xaneiro de 2025: estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia; no caso de mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia; non convivir co agresor; ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia; que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a esta, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria, excluídos os xuros de demora.

3.2.- PRESTACIÓNS DE SERVIZOS.

3.2.1.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábrese pola entrada no Punto de Coordinación de Ordes de Protección de Galicia (PCOP), dependente da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima, o que supón que en certo número de casos, que dentro dun mesmo expediente faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

3.3.- ACREDITACIÓNS.

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

3.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

O artigo 2.b da Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia.

3.3.2.- Informe técnico da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A través da Resolución do 1 de xullo de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugueiro social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito (código de procedemento VI482F) (DOG nº 133 do 13 de xullo de 2022) establece que a través do Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia se comprobará a vixencia da orde de protección ou da medida cautelar.

4.- DATOS ESTATÍSTICOS.

4.1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

Provincia	Nº resolucións favorables		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	97		
Lugo	22		
Ourense	31		
Pontevedra	52		
Total	202		

4.2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

	Nº resolucións favorables		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	150		
Lugo	35		
Ourense	40		
Pontevedra	105		
Total	330		

4.3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007.

	Nº resolucións favorables		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	2		
Lugo	0		
Ourense	0		
Pontevedra	1		
Total	3		

4.4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.

Novos expedientes seguidos

	Nº expedientes		
Provincia	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	174		
Lugo	58		
Ourense	70		
Pontevedra	168		
Total	470		



Medidas de protección comunicadas

Provincia	Nº ordes protección		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	270		
Lugo	90		
Ourense	86		
Pontevedra	193		
Total	639		

4.5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.

Provincia	Nº certificacións emitidas		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	0		
Lugo	0		
Ourense	0		
Pontevedra	0		
Total	0		

4.6.- Informe técnico da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero para os efectos da concesión de vivenda en aluguer.

Provincia	Nº informes emitidos		
	1º semestre	2º semestre	Total
A Coruña	19		
Lugo	0		
Ourense	17		
Pontevedra	0		
Total	36		